


INFANTIL



TÍTULO: Ladrón de gallinas
AUTORA: Béatrice Rodríguez
EDITORIAL: Los libros del zorro rojo
Un álbum sin palabras. Una historia para «ler» antes de saber ler.



TÍTULO: Grisela
AUTORA: Anke de Vries
EDITORIAL: Kalandraka

Un día, Grisela atopouse tan triste coma o seu pelame gris e pensou: "Se me pinto dunha cor alegre, seguro que me poño contenta". Pero con ningunha cor se sentía mellor. Relato sobre a importancia de ser un mesmo.




TÍTULO: A vella quenlla perde os dentes
AUTOR: Xavier López López
EDITORIAL: Rodeira (Edebé)

No fondo do mar vivía un vello e despistado tiburón branco. Unha noite deulle tal mordisco a unha pedra, pensando que era unha magdalena, que se lle caeron os dentes.

TÍTULO: Las vacaciones de Roberta
AUTORA: Silvia Francia
EDITORIAL: Ekaré

Roberta pasa as vacacións na casa dos seus avós, xunto ao mar. Sen obedecer, vai soa á praia e no camiño atópase con Gírexex...



TÍTULO: Os petos de Loreto.
AUTOR: Quentin Blake
EDITORIAL: Kalandraka

Loreto ten un montón de bolsillos. Que gardará no seu interior? Relato rimado, reboante de colorido, sobre un divertido personaxe que ten os obxectos máis inimaxinables.



TÍTULO: Bechos pequerrechos
AUTORA: María Lires
EDITORIAL: Kalandraka

Un desfile zoolóxico divertido e cheo de cores. Bechos de cabelos crechos que cantan e cantan a súa vida de pequerrechos.



1º CICLO




TÍTULO: A pastelaría de Dona Remedios
AUTOR: Agustín Fdez Paz,
EDITORIAL: Rodeira (Edebé)

A pastelaría de dona Remedios é a máis famosa de toda a cidade. Pero o último xoves de cada mes, na pastelaría ocorren estraños sucesos que incluso fan pensar nas meigas.

TÍTULO: El monstruo peludo
AUTOR: Henriette Bichonnier
EDITORIAL: Edelvives

O monstro peludo está farto de comer ratos e decide probar sorte con persoas. Pero a súa primeira vítima é unha princesa un pouco respondona.



TÍTULO: El libro de los monicacos
AUTOR: Michael Ende.
EDITORIAL: Rodeira (Edebé)

Atención! Éste é un libro só para nenos/as. Toda persoa maior que o lea deberá facelo acompañada por un neno ou nena, porque... dalgúñas cousas, saben máis cós adultos.



TÍTULO: Os catro amigos
AUTOR: Irmáns Grimm
EDITORIAL: Galaxia

Un burro, un can, un galo e un gato deciden abandonar as súas casas cansos de seren maltratados. Polo camiño, argallan de facer unha orquestra. Contén CD.



TÍTULO: Oh, as cores!
AUTOR: Jorge Luján
EDITORIAL: Kalandraka

Versos que asocian cada cor a elementos da natureza, emocións ou sensacións.



2º CICLO



TÍTULO: Pesadelo no tren chocolate
AUTOR: Fina Casalderrey
EDITORIAL: Galaxia

Iria e o seu irmán van facer a súa primeira viaxe en tren sós. Pero parece coma se o tren Chocolate os estivese a advertir dun perigo inminente.

TÍTULO: Curso para jóvenes detectives
AUTOR: Núria Pradas
EDITORIAL: La Galera

Aprenderás cales son as ferramentas dun bo investigador, como hai que interrogar aos sospeitosos, ata a resolución do caso do roubo dun trofeo.



TÍTULO: A máquina contacontos
AUTOR: Xelis de Toro
EDITORIAL: Rodeira (Edebé)

Cada sábado, nun mercado de Londres, acude un home cunha máquina moi particular que inventa contos. Ninguén coñecía o segredo da máquina...

TÍTULO: Sempre tes que meter o nariz
AUTOR: Víctor Raga
EDITORIAL: Xerais

Explora o corpo humano co señor Viramontañas



TÍTULO: Cama e conto
AUTOR: Gonzalo Moure
EDITORIAL: Xerais

O que máis lle gustaba a Malva era que a súa nai lle contara un conto na cama. Pero desde que cumpriu os seis anos, as cousas cambiaron...

TÍTULO: Sir Gadabout, de mal en peor.
AUTOR: Martyn Beardsley
EDITORIAL: Bambú

Descubre a Sir Gadabout, el peor Caballero del Mundo...



3º CICLO




TÍTULO: Os arriscados
AUTOR: Miguel Anxo Mouriño
EDITORIAL: Galaxia

Para formar parte da banda dos Arriscados terás que superar algunhas probas, deberás amosar un pouco de valor e intelixencia e terás que aprender un idioma inventado.



TÍTULO: Escuela de frikis
AUTORA: Gitty Daneshvari
EDITORIAL: Montena



Gustaríache que os teus pais te mandaran a unha escola onde superar os teus medos? Únete aos catro protagonistas desta historia para saber que temen.



TÍTULO: Las aventuras del caballero Trenk
AUTORA: Kirsten Boie
EDITORIAL: Salamandra

Libro divertido e cunha boa ambientación histórica.



TÍTULO: Máis respostas ás preguntas que nuncate fixeches

AUTOR: Philippe Nessmann
EDITORIAL: Faktoria K

Un libro para saciar a curiosidade.




TÍTULO: El gran libro de los detectives
AUTOR: Pierre Lecarme
EDITORIAL: Zendera Zariquiey

Nove leccións para convertirti no detective perfecto.



TÍTULO: Elvis
AUTOR: Tai-Marc Le Thanh,
EDITORIAL: Edelvives

Precioso álbum ilustrado sobre a vida do cantante Elvis Presley.



MAMÁS E PAPÁS



TÍTULO: Sí, mamá
AUTORA: Mª Luisa Ferrerós
EDITORIAL: Planeta


As solucións más eficaces para que os teus fillos se porten ben, desde a nenez á adolescencia.



TÍTULO: : ¡Mamá, ha empezado él!
AUTORA: Sacha Baveystock


EDITORIAL: Edebé, S.O.S. padres en apuros

Como conseguir que os teus fillos se leven ben



TÍTULO: El niño feliz.
AUTORA: Dorothy Corkille Briggs
EDITORIAL: Ed. Gedisa

A clave da felicidade é a autoestima.



TÍTULO: Disciplina sin gritos ni amenazas.
AUTOR/ES: Unell, Barbara C / Wyckoff, Jerry
EDITORIAL: Médici

Libro eminentemente práctico. Problemas de timidez, rabietas, celos entre irmáns... Solucións prácticas a problemas de comportamento na etapa de 0 a 5 anos.



TÍTULO: 101 juegos de vacaciones en familia.
AUTOR: Shando Varda
EDITORIAL: Neo Person

Xogos de todo o mundo: para viaxes - de praia - para practicar na casa - para vacacións - figuras de area - xogos para fiestas de cumpleaños ...

VERÁN 2010



Xa teño todo preparado. E vós?

Agora poderemos facer moitas, moitas cousas que nos gustan. Ímolo pasar moi ben e ata ao mellor facemos novos amigos e amigas. Non vos esquezaes dos que xa tiñades, eh?

Recordade que os libros tamén son divertidos, que nos falan, que xogan con nós e que nos poden facer pasar ratos moi agradables.

No verán
praia, xeado e libro
van sempre da man.

FELICES VACACIÓNS



BIBLIOTECA C.E.I.P. DE LOURO